

ENREDANDO CO GALEGO

SEMANA 1

Bos días a todos e todas! Son Antonio Castro, alumno de primeiro de bacharelato no IES Lucus Augusti, e vou participar no proxecto de *Enredando co galego*. Para comezar, nesta primeira semana, gustaríame comentarvos o por que da miña participación. Considero de vital importancia este proxecto, que promove o uso do galego na poboación escolar, así como a creación literaria e artística a través da lingua. Penso que así contribúese á recuperación e á non desaparición do galego, unha lingua fermosa pero que ademais é un símbolo de identidade dos galegos e galegas. Paréceme fundamental manter o seu uso aportando un pequeno gran de area e recordar a importancia desta lingua, mais tamén as xeracións pasadas, que defenderon o seu emprego contra vento e marea ou que, simplemente por ser galegos, sufriron prexuícios e maltratos. Debido a que sen eles ao mellor o galego non existiría agora mesmo, gustaríame recordalos cun extracto do poema “Castellanos de Castilla”, de Rosalía de Castro (a figura máis importante do Rexurdimento). Di o seguinte:

Castellanos de Castilla
tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.

Cando foi, iba sorrindo;
cando veu, viña morrendo;
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito.

Moitos galegos coma eles realizaron sacrificios pola súa terra e polo seu idioma. Por iso participo neste proxecto, para que todos eses esforzos non foran en vano e acaben no olvido.

SEMANA 2

Boas a todos! Esta semana, máis concretamente o xoves 17 de maio, celébrase o Día das Letras Galegas. Elixiuse esa data porque foi cando (no ano 1863) se publicou Cantares Gallegos, de Rosalía de Castro.

Este ano, adícanse a Luísa Villalta, e vou adicar a miña publicación semanal en *Enredando co Galego* a resumir brevemente a súa vida e obra. Nada na Coruña en 1957 e finada en 2004, foi unha filóloga, escritora e violinista galega que escribiu distintos xéneros (poesía, teatro, ensaio, narrativa de ficción...). Foi licenciada en filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e transmitiu a súa sabedoría ao ser mestra en varios institutos. Participou en entidades como a Asociación de Escritores en Lingua Galega e colaborou en diversas publicacións. Destacou, sobre todo, como poeta, gañando o pretixioso Premio Espiral Maior de Poesía; mais un ano despois (en 2004) unha meninxite á idade de 46 anos, fixo que falecera prematuramente, deixando un gran vacío debido á súa importancia na literatura galega.



SEMANA 3

Bos días! Nesta última semana de *Enredando co Galego* celebro o meu aniversario! Cumpro 17 anos e vou compartir con vós a receita da miña torta de chocolate.

-Ingredientes (para oito persoas):

- Galletas (200 g)
- Manteiga (150 g)
- Chocolate negro para sobremesas (250 g)
- Leite enteira (1 L)
- Dous sobres de leite callado
- Azucre (50 g)
- Chocolate branco para decorar (100 g)

-Procedemento:

1. Trituramos as galletas nunha bolsa de plástico pasando por enriba un rodete.
2. Engadimos a manteiga.

3. Mesturamos ben ata que quede unha masa homoxénea, cubrindo ben un molde de 25 cm e os seus bordos.
4. Metémolo na neveira para que endureza.
5. Mentres, picamos o chocolate e quentámolo xunto co leite, o leite callado e o azucre durante dez minutos.
6. Removemos ben para que non queden grumos e vertemos sobre a base de galletas.
7. Introducímolo na neveira durante catro horas.
8. Decoramos a torta se queremos e... A gozar da sobremesa!

